

## EXPLICACIÓN ROUSSEAU DO CONTRATO SOCIAL

- O produto político resultante do contrato social é a instauración dunha **comunidade política republicana**. Por tanto, incluímos a Rousseau dentro da tradición de pensamento político republicano á que pertencen tamén Aristóteles, Cicerón, Marsilio de Padua, Maquiavelo, Jefferson, Marx, Hannah Arendt e Jürgen Habermas, entre outros. Esta comunidade política ou *corpo político*, como lle chama Rousseau, sería equiparable a unha democracia asemblearia directa (sen representantes políticos) na que o órgano de decisión e participación política máis relevante sería a asemblea lexislativa integrada polo conxunto dos cidadáns. Dentro da tradición política republicana existe unha certa desconfianza cara a democracia, asimilándoa ao goberno dos pobres. Por este motivo, os pensadores republicanos evitan referirse á república co nome de *democracia*, substituíndoo por outras denominacións, por exemplo, *políteía*, *res publica*, *république* ou *governo largo*, no caso de Maquiavelo, para indicar que ese réxime político é o dos moitos ou da maioría, como xa dixera Aristóteles.

Cita: “En el mismo instante, en lugar de la persona particular de cada contratante, este acto de asociación produce un cuerpo moral y colectivo compuesto de tantos miembros como tiene la asamblea, el cual recibe de este mismo acto su unidad, su yo común, su vida y su voluntad. Esta persona pública que se forma de este modo por la unión de todas las demás tomaba en otro tiempo el nombre de Ciudad, y toma ahora el de República o de su cuerpo político.”

- A equiparación de **súbdito** e **ciudadán** é posible sobre a base do propio contrato social. Os membros que contratan son cidadáns en tanto que integrantes da comunidade política republicana e súbditos das leis (e non dun rei). Cobra valor a noción de *ciudadanía* no pensamento político republicano, a diferenza do liberalismo (por exemplo, John Locke no Segundo Tratado sobre o Goberno) que preferentemente emprega o termo *individuo* ou *individuos* para referirse aos contratantes do pacto social e aos membros do corpo político. No republicanismo o suxeito político é un actor político colectivo: os cidadáns, o pobo.

Cita: “Respecto a los asociados, toman colectivamente el nombre de Pueblo, y en particular se llaman Ciudadanos como partícipes en la autoridad soberana, y Súbditos en cuanto sometidos a las leyes del Estado.”

- En Do Contrato Social o autor aporta os seus argumentos para facer compatible **legalidade** e **liberdade**. Rousseau critica (sen mencionalo explicitamente) a tese sostida por **Hobbes** no seu libro *Leviatán*, segundo a cal a pertenza a unha comunidade política comporta necesariamente o sometemento á lei, que inevitablemente anula a liberdade individual. Segunda esta tese (que será recollida pola teoría política liberal posterior), o individuo tan só sería libre nos ámbitos que non estivesen regulamentados pola lei. Hobbes pensa que este é un feito indiscutible baixo calquera forma de réxime político, monárquico ou republicano. Rousseau refutará esta tese hobbesiana defendendo que cabe vivir

baixo leis e seguir sendo libres. Efectivamente, dentro da república os cidadáns obedecen as leis, pero non obedecen máis que aquelas leis que se deron a si mesmos.

Cita: “... y la obediencia a la ley que uno se ha prescrito es libertad.”

- A noción de **soberanía popular** significa etimoloxicamente o poder do pobo. Reaparece a idea republicana de autogoberno: a república como unha comunidade política autogobernada polos propios cidadáns. Por tanto, estamos ante outra das características do pensamento político republicano, a saber, a idea de que o poder político reside na cidadanía que participa directamente na elaboración das leis e na toma de decisións. Segundo Rousseau, o poder non pode ser cedido a outros (non pode enaxenarse ou alienarse), non ten sentido delegar o poder político nun representante. Neste sentido, o goberno limitarase a executar a vontade da asemblea cidadán.

Cita: “... non sendo a soberanía máis que o exercicio da vontade xeral, xamais pode enaxenarse, e que o soberano, que non é máis que un ser colectivo, non pode ser representado máis que por si mesmo...”

- A **vontade xeral** é a decisión do corpo político republicano, ben unánime ou ben maioritaria. Rousseau distingue a vontade xeral da **vontade de todos**: esta última non é máis que a suma das vontades individuais das faccións que perseguen os seus intereses privados e que tratan de impoñelos ao conxunto da comunidade política. Mentres que a vontade xeral é moito máis que a mera adición das vontades particulares; trátase dunha vontade que mira polo interese colectivo, polo ben común. Mediante o contrato social, os integrantes da comunidade política republicana comprométese a respectar a vontade xeral.

Cita: “De lo que precede se deduce que la voluntad general es siempre recta y siempre tiende a la utilidad pública; pero no se deduce que las deliberaciones del pueblo tengan siempre la misma rectitud. Siempre se quiere el propio bien, pero no siempre se ve: jamás se corrompe al pueblo, pero con frecuencia se le engaña, y sólo entonces es cuando él parece querer su mal. Con frecuencia hay mucha diferencia entre la voluntad de todos [la volonté de tous] y la voluntad general [la volonté générale]; ésta sólo mira al interés común [l’intérêt commun], la otra mira al interés privado [l’intérêt privé]; y no es más que una suma de voluntades particulares [une somme de volontés particulières]...”

(...) Pero cuando se forman intrigas, asociaciones parciales [associations partielles] a expensas de la grande, la voluntad de cada una de estas asociaciones se vuelve general respecto a sus miembros, y particular respecto al Estado; se puede decir entonces que ya no hay tantos votantes como hombres, sino solamente tantos como asociaciones.”